

## LINGUA GALEGA

### Texto:

Hai días marcados a lume no calendario, que non tiñan que terse que lembrar. Están aí, pintados doutra cor, porque aínda é necesario falar deles... Así acontece co 8 de marzo, día da MULLER, xa celebrado en cada recuncho da nosa xeografía. Cada certo tempo a pequena pantalla danos diferentes testemuños arredor dun problema vixente: o da violencia de xénero. Dende cifras alarmantes nos informativos, con imaxes espeluznantes de corpos tapados por unha saba branca, ata traballos documentais, miniserries e filmes con temática vencellada á do maltrato que sofre a muller no mundo de hoxe.

Nesa viaxe pola memoria recordo a reportaxe gráfica titulada *Porque yo lo valgo*, cunha escolma de imaxes de arquivo sobre os distintos logros acadados pola muller en vinte e cinco anos. Lembro tamén a película *No estás sola, Sara*, dirixida por Carlos Sedes en colaboración co Instituto da Muller. No filme recóllese, unha vez máis, o proceso que vive unha vítima da violencia machista dende a primeira vez que o seu noivo lle di que non volva poñer unha “minifalda” que a ela lle gusta. Detrás veñen as “prohibicións” sobre o feito de levar maquillaxe e a posibilidade de quedar con outras persoas amigas. Celos? Os celos non xustifican ese maltrato psicolóxico nun primeiro momento e logo maltrato físico, a través dos abusos sexuais e violacións que preceden ás palizas e ameazas de morte. Son situacións semellantes que se repiten na vida narrada polas vítimas de tal delito, non só na ficción, senón na triste realidade.

Como frear tamén o que acontece no filme protagonizado por Luís Tosar *Te doy mis ojos*? Disque por medo as vítimas non denuncian. Pero por amor? Poden sentir amor por alguén que as trata así? Non, amor non poden sentir. Deus nos colla confesados... Debe ser coma unha especie de adicción. Pero non podo entendelo. Non son capaz de admitilo. No amor si que hai sacrificios ás veces, como en todo. Pero non deste tipo, non tolerando ese abuso de poder que intentan impoñer os maltratadores.

Ás veces as historias rematan ben, noutras ocasións tendo que homenaxear algunha vítima máis nos actos organizados pola Marcha Mundial das Mulleres en calquera cidade dunha xornada de novembro. Queda moito traballo por facer na loita contra o maltrato, moito para conseguir que non haxa máis historias crueis de tristes de mulleres acosadas e equivocadamente namoradas.

(Ruth Fernández, *Galicia Hoxe*, 30.03.2012)

### Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *lembrar*, *violencia de xénero*, *escolma*, *vítima*, *frear* (1 punto).
2. Indique o tema do texto e a continuación escriba as ideas principais (2 puntos).
3. Escriba as formas do plural das seguintes palabras: *tal*, *mundial*, *móbil*, *cartel*, *cadril*, *parasol*, *control*, *factor*, *ciudadán*, *mitin* (1 punto).
4. No texto aparece a forma *sofre* (l. 7): conxugue o presente de indicativo e o presente de subxuntivo deste verbo, e a continuación indique outros cinco verbos que se conxuguen da mesma maneira (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión da autora (4 puntos).